

## Os concellos galegos #PoloBoTrato no 25 de Novembro

Os concellos galegos queremos manifestar neste 25N a nosa postura de rexeitamento ante todo tipo violencia e o noso compromiso coa erradicación da violencia exercida contra as mulleres. Porque vítima a vítima, unha e outra vez, o listado de mulleres asasinadas a mans da violencia machista golpea as nosas consciencias polo que consideramos fundamental que as entidades locais traballemos na oportunidade real de avanzar na loita contra esta violencia. Os teitos de cristal existen, a discriminación laboral e salarial é doada de comprobar e a muller está ausente de moitos foros porque non se procura a súa presenza sendo desprazada unha e outra vez cando a sociedade o que necesita é escoitar a súa defensa e o seu parecer.

A promoción da igualdade real entre mulleres e homes son retos aos que se enfrenta a sociedade en xeral, pero somos os gobernos locais en particular os que temos un papel decisivo por ser os máis próximos á cidadanía. Para iso é fundamental traballar desde a educación e a concienciación da cidadanía legislando con perspectiva de xénero. Por iso queremos polo tanto facer un chamamento a todas as institucións locais para traballar #PoloBoTrato a través da adhesión á campaña promovida pola nosa Federación xunto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co obxectivo de promover a igualdade real entre homes e mulleres e comprometéndonos co decálogo de boas prácticas que se propón na campaña.

Daquela avancemos #PoloBoTrato e comprometémonos a:

1. **Empregar** linguaxe libre de connotacións sexistas
2. **Integrar** a perspectiva de xénero nas nosas decisións
3. **Difundir** unha imaxe non sexista da muller
4. **Traballar** entre a poboación máis nova a prevención da violencia machista e os valores de igualdade e respecto
5. **Fomentar** a corresponsabilidade nas tarefas e a ética no coidado, tanto de menores como de persoas dependentes
6. **Identificar e emendar** as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres
7. **Respectar** a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal
8. **Promover** unha representación equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións
9. **Rexeitar** a contratación de actividades nas que se promovan unha imaxe sexista da muller
10. **Prestar especial atención** ás mulleres en situación de vulnerabilidade